

## **PROGRAMA DIRIXIDO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE SEN FOGAR (artigo 4.1.d) ORDE DO 6/09/2021 subvención da Consellería de Política Social a corporacións locais para programas de emerxencia social e inclusión social)**

### **XUSTIFICACION NECESIDADE:**

É necesario darlle continuidade ao traballo desenvolvido no marco da convocatoria anterior de Inclusión Social xa que a avaliación realizada é moi positiva se ben precisa de apoio económico para garantir a continuidade.

Como xa se recollía no proxecto anterior os procesos de exclusión social normalmente se producen por unha multiplicidade de factores non soamente persoais senón tamén estruturais: insuficientes recursos económicos, ausencia de redes de apoio, inexistencia de capacitación profesional, comunidades e territorios con crise, ... Todas estas circunstancias levan ás persoas sen teito a estar nunha situación de exclusión social grave xa que, ademais, en non poucos casos non reúnen os requisitos para acceder aos sistemas de protección social.

Este proxecto de continuidade pretende ofrecer un “acompañamento” que posibilite ofrecer ás persoas en situación de sen fogar unha atención integral no relativo á saúde, ao acceso a unha vivenda normalizada, á cobertura da alimentación e tamén a posibilitar redes de apoio.

Dentro do colectivo o noso proxecto se vai a centrar nas persoas sin vivenda, é dicir, nas persoas que neste momento están nun aloxamento temporal, nunha infravivenda ou chabola. A heteroxeneidade das persoas leva á necesidade de realizar actuacións caso por caso.

Partimos dun enfoque centrado na persoa, un modelo de xestión de casos (acompañamento á persoa ao longo do seu itinerario)

Se introduce a perspectiva de xénero coa finalidade de provocar unha reflexión sobre como as diferencias físicas levan apareladas unha construción de roles e uns estereotipos que provocan unha inxusta desigualdade.

### **OBXECTIVOS DO PROGRAMA:**

- Captar ás persoas usuarias mediante entrevistas individualizadas, apertura de expediente, diagnóstico e compromiso
- Diseñar o itinerario personalizado de inclusión social e, se é posible, laboral
- Por á persoa no centro do proxecto cara a que sexa a protagonista e teña o control da súa vida, é dicir, poñer os mecanismos que procuren o empoderamento da persoa.
- Realizar un diagnóstico personalizado identificando, xunto coa persoa, fortalezas e debilidades
- Elaborar xunto coa persoa o seu proxecto personalizado de inclusión Sociolaboral
- Reflexionar sobre as consecuencias da desigualdade de xénero no logro de dereitos humanos.

### **Obxectivos específicos:**

- Xerar unha maior autonomía persoal favorecendo que deixen de ter unha subordinación/dependencia o que significa que se traballará cara á vivenda, a autosuficiencia material.
- Procurar a adquisición de competencias persoais : autonomía, responsabilidade, compromiso
- Facilitar a través do acompañamento persoal a adquisición de boas prácticas sociais que faciliten o intercambio social na multiplicidade de escenarios das relacións sociais
- Mediar en procesos de ingresos hospitalarios para tratamento de problemáticas específicas de saúde mental o consumo de drogas. Apoio e seguimento.
- Reforzar os aspectos relacionados co aseo e hixiene persoal e vestiario
- Buscar alternativas convivenciais acompañando nos procesos de transición a eses recursos residenciais máis estables
- Realizar intermediación con empresas
- Procurar a adquisición de competencias específicas cara á incorporación ao mercado de traballo
- Capacitar en estratexias activas de busca de emprego



- Recoñecer as diferencias sexo-xénero
- Identificar as causas da desigualdade
- Acompañar no cambio de rutinas, realización de trámites e aos servizos sociais e sanitarios.

#### **Actuacións formativas programadas :**

Area de inclusión básica: Ate 30/11/2022: 1.400 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose e acompañamento social
- Taller de fortalecemento de capacidades persoais e sociais
- Obradoiro grupal para traballar as dificultades na construción e mantemento de vínculos

Inclusión e transición ao emprego: Ate 30/11/2022: 1.400 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 700 horas

- Diagnose
- Deseño do proxecto de inclusión socio laboral
- Acompañamento Sociolaboral
- Intermediación laboral
- Obradoiro de preparación de entrevistas de traballo
- Obradoiro de realización de trámites relacionados coas Administracións e cara a tramitación de prestacións

Formación adaptada: 450 horas

- Formación dixital: Obradoiro de TICs: busca de información, envío de solicitudes, lectura de noticias...
- Curso de formación prelaboral en función do centro de interese que se detecten no diagnóstico

Apoio á inclusión residencial: Ate 30/11/2022: 300 horas . Desde 1/12/2022 ate 30/04/2023: 100 horas

- Acompañamento e busca de alternativas habitacionais e convivenciais
- Mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda
- Realización dunha xornada que analice a necesidade de actuacións multidisciplinares e a coordinación para afrontar a situación das persoas sen fogar

#### **METODOLOXIA E PERSPECTIVA DE XENERO:**

A metodoloxía vai dirixida a ter intervencións singularizadas que teñan en conta as fortalezas e debilidades de cada persoa. Dita metodoloxía será:

- Activa e participativa
- Role -playing
- Resolución de problemas: As actuacións derivan dun compromiso, dun contrato.
- Acompañamento. Se acompaña ás persoas porque estarán inmersas nun proceso de cambio e a persoa técnica do proxecto será a referente da persoa usuaria. Esta metodoloxía de acompañamento é motivadora, incentivadora e facilitadora para que a persoa confíe nas súas capacidades e potencialidades.
- Traballo en rede. Articulando os recursos para evitar duplicidades e solapamentos na comunidade

A perspectiva de xénero se concreta en:

- Desagregar datos por sexo tanto en diagnóstico como en avaliación
- Ter en conta as necesidades de flexibilidade e conciliación para asegurar a participación de homes e mulleres
- Se utilizará unha linguaxe inclusiva non sexista e se coidará a linguaxe e os materiais didácticos que se vaian utilizar



- Se incluírá a perspectiva multicultural xa que se parte de que a cultura pode ser tanto un factor de riqueza como de conflito e se trata de potenciar a multiculturalidade como un aspecto transformador das relacións humana e polo tanto de loita contra os prexuízos.

### INDICADORES:

A avaliación que se fará será mixta, cualitativa e cuantitativa.

Os indicadores farán referencia a logros e a actividade:

Indicadores de logros:

Número de persoas que acadan o 80% dos obxectivos propostos

Indicadores de actividade:

Número de actividades realizadas con cada persoa e co conxunto e grado de execución das actividades.

Así mesmo se fará avaliación en tres momentos:

-Avaliación inicial: coincide co diagnóstico individual e a creación de grupos

-Avaliación continua: Axustando os obxectivos e reformulándolos no caso de ser necesario. As técnicas utilizadas serán as entrevistas e os cuestionarios.

-Avaliación final. Mediante cuestionarios cuantitativos e cualitativos.

### PROFESIONAIS desde o 1 de febreiro de 2022 ate o 30 de abril de 2023:

1 Educador/a Social (2.023 horas)

1 Traballador/a Social (2.023 horas)

1 Orientador/a Laboral (1/2 xornada compartido co programa de Comunidade xitana) (1.011,5 horas)

Se contemplará bolsas para asistencia ás accións formativas e axudas para desprazamento cando as accións se desenvolvan nunhas instalacións que precisen para o seu acceso o uso de transporte

### Solicitud de subvención:

Básica	2.100 horas x 19,14 €/hora Máis o 20% artigo 15, a), 1º	40.194 euros 8.038,8 euros
Transición	2.100 horas x 19,14 €/hora Máis o 20% artigo 15, a), 2º	40.194 euros 8.038,8 euros
Adaptada	450 x 19,14 €/hora Máis o 40% artigo 15, b)	8.613 euros 3.445,2 euros
Residencial	400 x 19,14 €/hora Máis o 40% artigo 15, e)	7.656 euros 3.062,4 euros

Ferrol,

Psicóloga Benestar Social  
Colex G-0387

Mª Jesús Calvo Camba

Conforme,  
A concelleira delegada da Área de  
Benestar Social e Patrimonio Histórico  
Eva Martínez Montero